

CONTOS DE MEDO

David Puga e Antía Rivera (3º ESO)

Non todas as historias teñen un final feliz.



ESTELA DOMÍNGUEZ

NOVEMBRO 2011

Ao lado do quente lume da cheminea, nun pobo arredado, cuxo nome non podo mencionar, un avó comeza unha historia. En 1982...

- Axuda!- gritaba Amanda no medio do bosque, en plena noite.

Cinco rapaces pálidos achegábanse pouco a pouco cara a ela. Non sabía qué facer; tremíanlle as pernas e o medo era cada vez máis forte.

- Chegouche a hora! – advertiron os cinco á vez

Logo déronlle as costas e riron; as súas voces fundíanse entre elas, parecían unha soa, pero soaba malvada, diabólica, como se do mesmo satán se tratase. A rapaza, o último que dixo foi: "Fillos de...", xa que nese mesmo intre comezou a sangar pola boca; logo chegaron as convulsións, cada vez máis fortes e, finalmente, a rapaza faleceu.

Á mañá seguinte, un cazador espreitaba a un cervo cando tropezou con algo brando que cheiraba mal. Que podía ser? Para a súa sorpresa, cando se xirou, atopou o cadáver da pobre rapaza, ao pé dunha árbore. O home, aterrorizado, correu cara ao pobo gritando coma un tolo "Houbo un asasinato!"



Os habitantes do pobo alarmáronse e acudiron á súa chamada. O cazador contoulles o sucedido e guiounos cara ao lugar onde atopara a Amanda. Pero, ao chegar alí, e para sorpresa de todos, o corpo desaparecera. Unhas alarmantes badaladas chamaron a atención dos que estaban no bosque os cales ergueron a vista e albiscaron no horizonte unha columna de fume. Correron cara ao pobo no que atoparon a cinco rapaces, os cales os miraban fixamente no medio das lapas de lume”.



- Gustovos a historia? – preguntoulles o avo.

- Gustou – contestaron os netos, aínda asustados pola historia que lles acababa de contar seu avó.

- Esa historia sucedeu neste pobo? –preguntou Pedro, o maior dos netos.

O avó asentiu coa cabeza mentres collía unha manta para se abrigar.


Xulia, a neta máis nova, ollou na parede aquela foto de cinco rapaces na que ela sempre reparaba. Nese intre, decatouse do parecido dos nenos cos da historia e preguntou:

- Avó, os nenos da historia son os mesmos ca os desa foto que tes na parede?

- Son, por que o dis? –contestoulle o avó.

- Por curiosidade. Entón... de onde sacaches a foto? –di finalmente Xulia.

- É un recordo da miña infancia –responde finalmente o avó, cun riso semellante ao que antes describira na historia, un riso malvado...



Paula Martínez Giraldez

Sería o avó quen os netos pensaban que era?

Araceli Álvarez (1º Bach.)

Corría; non podía facer outra cousa. Estaba cheo de medo. As pernas xa non lle podían máis e aquelas voces non só non cesaban senón que cada vez berraban máis e máis. Os lobos ouveaban. O medo case non o deixaba respirar. E logo estaba aquela néboa que envolvía o monte todo polo que tentaba fuxir. Aquilo era tan arrepiante! O frío caláballe os ósos.

Caeu.

Tropezou.

Se cadra alguén o empurrara. Non o sabía, pero agora todo semellaba botarse enriba del, todo xiraba... Un novo ouveo... e as voces calaron.

Ergueuse e ergueu tamén a vista cara ao ceo. Que era aquilo? Como bágoas esvaraban da lúa catro estrañas formas branquecinas que comezaron a danzar ao son duna melodía muda.

Descoñecía o que era. Non sabía se se trataba de pantasmas ou dun mero produto da súa imaxinación, pero era tan fermoso que pouco a pouco sentía como caía nun misterioso engado que o ía mergullando nun estraño letargo até adormecer de todo, morto de medo, pero fascinado á vez.

E foi así como o atoparon á mañá seguinte, no lado máis mesto do monte, durmido, lívido como a cera, pero cun sorriso debuxado nos beizos.

Nunca lle contou a ninguén o que vira nin por que decidira saír da casa aquela noite de lúa chea. Mais o que si sabían todos era que algo cambiara nel. Agora case non falaba, aínda que seguía a ser bo rapaz, sen problema ningún, pero iso si, cada noite de lúa chea desaparecía para voltar despois cun aspecto case enfermizo e sen pronunciar palabra, pois o que nesas ocasións ocorría era cousa só del e mais da lúa.



Araceli Álvarez (1º Bach.)

Nun día soleado paseaban dous vellos polo campo en dirección á horta que tiñan un pouco máis aló da sñúa casa. Cruzando a finca do señor Loureiro atoparon un gran vulto a uns metros do camiño. Achegáronse a cal foi o seu abraio cando viron que da terra saía unha man humana, coas uñas cheas de lodo e uns regueiros de sangue que saían das puntas dos dedos e chegaban máis alá do que a terra deixaba ver.

Marcharon de alí o máis rápido posible e, cando cegaron á casa, chamaron á policía. Ao día seguinte, cando voltaron á finca (xa que a policía non cría o testemuño dos dous vellos, que dicían ter visto unha man saíndo dun montón de terra no medio duna finca) acompañados por dous gardas forestais, atoparon o cúmulo de terra no mesmo estado, pero a man desaparecera.

Os vellos non podía crer o que vían e aos gardas escapáronsellles algúns insultos polo baixo. “pobres vellos”, pensaban, “váiselles a cabeza coa idade”. Atendendo ás protestas dos vellos, os gardas comezaron a quitar terra na procura da man, pero, canto máis fondo excavaban, máis seguros estaban de que alí non había nada.

Despois diso, todos marcharon para as súas casas, pero a parella de vellos volveu ao lugar horas máis tarde cuns sachos para aclararen os seu medos. Cavaron durante horas en sitios diferentes, pero non atoparon nada. Tal vez o asasino levara o corpo a outro lugar. Que lonxe da realidade! Uns quilómetros máis lonxe de alí, un corpo movíase torpemente entre as árbores e os toxos. Tiña a carne comida polos vermes, algunhas feridas que seguían sangrando e unha gran fenda na cabeza que deixaba ver un pedazo de cráneo. Caminaba sen rumbo fixo, cunha soa idea na cabeza perforada: tiña que atopar aos demais.



O Monte das Ánimas

(Versión libre dun conto de G. A. Bécquer)

A historia que imos contar suceu nun lugar que aínda hoxe existe, un lugar no que os cabaleiros templarios construíron unha capela hai moitos séculos. Din que na noite de defuntos se escoita tanxer soa a campá desa derruída capela, e que as ánimas dos mortos alí enterrados saen de baixoterra e, envoltas nas súas mortallas, corren como nunha cacería por entre os matos e as toxeias. Os lobos ouvean, os xabaríns foxen espantados, as serpes dan arripantes asubios e, ao día seguinte téñense visto, impresas no chan, as pegadas dos pés descarnados dos esqueletos. Por iso chaman a ese lugar o “Monte das Ánimas”, e por iso ninguén quere ir por alí despois do solpor.

Pois ben, contan que por cerca había un pazo no que vivía unha familia fidalga cun único fillo, Alonso, mozo ben parecido e con fama de cabaleiro valente e bo cazador. Por aqueles días chegou dende Francia unha prima súa, Beatriz, quen fascinou a Alonso coa súa beleza. Moi pronto empezou a ser habitual velos dando paseos dacabalo mentres falaban das súas cousas. Nun destes paseos chegaron ata o Monte das Ánimas e Alonso contoulle á curmá a historia da capela e dos defuntos. E a lenda deixou intrigada á rapaza.

Ao chegaren á casa, Beatriz decatouse de que lle faltaba o pano de man. Era un pano de seda e encaixe, regalo dos seus pais. Onde estaría? Tivera que ser durante o paseo. Así pois, pediulle a Alonso que fose co seu cabalo por ver se podía recuperalo. O mozo mirouna espavorido. Aquel día era o de Todos os Santos, e xa era noite. As ánimas... Podería ir ao día seguinte pero aquela noite... Ao lonxe escoitábase resoar unha campá.

Beatriz torceu o rostro e fixo un xesto de decepción. “Pensei que me querías e que eras un valente, mais xa vexo que...” Alonso deu a volta e saíu da habitación. De alí a un pouco escoitouse o rumor dun cabalo que se afastaba ao galope. A rapaza sorriu con malicia.

Pasaron unha, dúas, tres horas. Case era media noite. Alonso non chegara. Beatriz, que durmía, espertou. Parecía que escoitara pronunciar o seu nome, pero lonxe, moi lonxe, e por unha voz afogada e doente. “Será o vento”, díxose para tranquilizarse.

Pero o corazón batíalle violento na caixa do peito. Escoitou un chirrido agudo. Primeiro unhas e logo as outras máis próximas, todas as portas que daban paso ao seu cuarto ían soando por orde. Logo silencio, ladridos de cans, voces confusas, ecos de pasos, suspiros e respiracións fatigosas, cruxir de roupas que se arrastraban. Beatriz tremía pero intentaba calmarse: “Bah! É que vou ser medosa como estas pobres xentes de aldea?”. Pechou os ollos e intentou durmir. Pero todo foi inútil. Pronto se incorporou de novo na cama: a porta do seu cuarto abrírase, unhas pisadas soaban sobre a alfombra e acercábanse, acercábanse... Unha silla ao lado da cama moveuse. A rapaza lanzou un grito agudo e meteu a cabeza baixo das sabas, contendo a respiración.


O vento azoutaba os vidros do balcón, os cans seguían a ladrar e unha campá seguía soando ao lonxe.

Así pasou unha hora, dúas... a noite fíxoselle eterna a Beatriz. Pero coa chegada da luz da mañá, atreveuse a saír do leito. Que tonta fora! Mira que crer en pantasma...! E de súpeto unha suor fría percorreulle o corpo. Enriba da silla que tiña á beira da cama

estaba, cheo de sangue e esgazado, o pano de man que perdera no Monte das Ánimas, o pano que fora buscar Alonso.

Cando os criados acudiron, despavoridos, a comunicarlle que Alonso aparecera devorado polos lobos, encontrárona crispada, inmóbil, cos ollos desencaixados, a boca entreaberta, os labios brancos, rixida, morta... morta de terror.

Contan que algun tempo despois, un cazador perdido pasou a noite de defuntos no Monte das Ánimas e que ao día seguinte, antes de morrer, contou cousas terribles que alí vira. Entre outras asegurou ver aos esqueletos dos antigos cabaleiros alí enterrados saír das súas tumbas e perseguir furiosos a unha muller fermosa, pálida e cunha longa cabeleira, que gritaba horrorizada mentres daba voltas arredor da tumba de Alonso.



A VECIÑA

- Mamá, a veciña de enfronte víxíame.
- Xiana, non imaxines tanto.

E colgoume o teléfono; sempre está de viaxe, vivo e cóidome eu soa, e aínda por riba non me cre. A veciña mudouse hai pouco; teño os seus ollos na memoria, quedáronme gravados, non me gustan, son moi claros, parece que podes verlle a alma a través deles. Ás veces penso que cando ten a persiana baixada está detrás de min. (...)

Onte á noite vin un punto vermello na cama antes de deitarme. Mirei a súa ventá e alí estaba, cos ollos de moucho, permanentemente alí pegada. Corrin a pechar toda a habitación e toda a casa e aínda non me sentía segura alí. Entón apareceu esa sombra que tiña os seus ollos. Corrin asustada polas escaleiras e caín, e pechábase sobre min, e de repente desapareceu. Quedei parada, xa había moitos meses que pasaba o mesmo, pero endexamais aparecera na casa. (...)

Teño medo de chegar e vela mirándome a min; sei que algún día intentará matarme.

- Mamá, que a nova veciña non deixa de intentar facerme dano.
- Xiana, entrou na casa? Non, non imaxines tanto.

E colgoume o teléfono. Outra vez de viaxe, vai pasar algo, ela non está tranquila, move moito os ollos e as persianas. Estaba a ver a típica película dos sábados pola noite; todo estaba pechado, pero oín ruidos no meu cuarto. Agora que oín os ruidos non sei se chamar a alguén. E se quere matarme? E timbrou o teléfono. Collino e falaron. Non sei que oín ata que o asimilei. Dixeron que non ía durar moito máis. Pararon os ruidos e subín á habitación. A xanela estaba aberta e os espellos rotos. Saín e pecheime no cuarto dos meus pais, axeonlleime e sentín unha presenza ao outro lado da porta. Notei que podía tirala cos golpes que daba. Foi unha noite terrible. (...)

- Mamá, teño medo. Foi horrible, a veciña destrizou o meu cuarto sen entrar.


- Xiana, calma, non pasa nada.

- Mamá, quérote.

E colgoume o teléfono. Unha última viaxe, cada vez que chamo por ela pasa algo, e hoxe é o último día. Vai vir por min. Nada máis colgar o teléfono volveu soar e dixeron que ía morrer.

E chega a noite. Nin me atrevo a saír do salón, pero algo dí que vaia á súa casa. Saio pola porta e a da súa casa xa está aberta, agardándome. Non podo non entrar. Subo o que parecen mil chanzos, como hipnotizada. A porta está entreaberta e asómome. Vexo un cuarto baleiro, sei como guiarme nesa casa aínda que nunca subira. Busco os seus ollos, eses ollos que me aterrorizaron durante meses, e xa sei onde están. Chego á cociña e doume a volta, e alí está, mirándome, cun coitelo aos seus pés, pero colgando do teito.

Antía Pérez Docampo (2º Bacharelato)



A RAPAZA DE BRANCO

Era unha tarde de novembro. Un taxista ía pola autoestrada que leva a baiona cando, diante del, apareceu unha rapaza vestida de branco que flotaba uns dez centímetros do chan. O señor, pensando que era unha alucinación provocada polo cansazo, deteu o coche e, logo de cinco minutos, continuou o seu camiño. Andados uns cantos metros, mirou plo retrovisor e xa non había nada. Ao momento sentiu unha estraña sensación que lle fixo torcer a cabeza cara atrás. Foi entón cando viu que a rapaza de branco estaba alí sentada, sorrindo e cantando unha canción. O taxista perdeu o control; volcou o coche e comezou a arder. Como un milagre, saíu vivo do accidente.

Pasado certo tempo, un rapaz do pobo contoulle que na autoestrada, concretamente na curva onde el tivera o accidente, esa rapaza adoitaba aparecer. Mataba a todos os que a mirasen aos ollos, porque ela morrera, recién casada, cando pelexaba co seu home na mesma curva na que a vira o taxista. El fora o único que sobrevivira ao ataque da rapaza de branco.

Conto escrito por Jessica Bonet (2º ESO) baseado nunha historia lida en Internet.



Triana Blanco (2º Bach.)



Laura Olga González

O CORVO

Era unha noite fría de outono. Era a noite de Samaín.

Eu estaba ao lado da lareira, quentando as miñas mans miúdas. Fóra todo estaba quedo, coma se o frío conxelase aquela paisaxe. Petaron na porta, polo menos tres veces seguidas, pero eu non me atrevía a abrila, pois estaba só na casa. Aínda así, decidín abrir. Xa sei que son medorento, pero estaba só na casa.

E cando a miña man fixo un xiro sobre o pomo da porta, volveron chamar.

Boteime atrás, como se algo non meu adentro me dixera que non abrira. Mais antes de volver pensalo, aferrei da porta e tirei.

Non habia ninguén fóra, só un pequeno corvo que, elegante, pasou polo lado das miñas pernas e entrou na miña morada.

Tentei botalo fóra, pero o paxaro resistíase. Pousouse na mesiña e, cun lixeiro movemento, tirou co cadro da miña defuntiña. Logo deu un brusco xiro no aire e saiu pola fiestra entreaberta. E eu seguino; seguino pola carballeira da fonte das Feiticeiras.

De súpeto, o corvo empezou a grallar. E xa sabedes que cando canta un corvo non pasa nada bo. Pero despois reparei que non tiña sentido o que estaba a facer, por que estaba seguindo eu a un becho deses? Ao darme conta de que nada tiña explicación, volví retroceder ou alomenos menos intenteino.

Pero perdinme entre os inmensos carballos. Entre as árbores, apareceron sombras negras acompañadas de fachos. Eu corrín sen rumbo para fuxir delas; pero cada vez ían máis rápidas. Xa non tiña alento, pero tiña que fuxir. Mais, se era a Santa Compañía, como é que saíran antes das doze? Entón o reloxo da igrexa que se escoitou lonxe deu as doce.

Eu seguín correndo ata que cheguei a un cruce de camiños onde se atopaba un amieiro. Amarreime a el con todas as miñas forzas, rezando pola miña vida.

Non lembro máis nada; só sei que agora estou preso, porque din que estou tolo.

Victor M. Barreiro Ferreira (2º ESO)



BIBLIOTECA
DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA
EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

ALBA AMOEDO

IES MENDIÑO - REDONDELA